# A empresa ignora a solicitude de reunión presentada polas representantes das traballadoras

## A empresa ignora a solicitude de reunión presentada polas representantes das traballadoras



Na Coruña, a 8 de setembro de 2009

Por medio del presente escrito solicitamos una reunión para tratar los siguientes puntos:

1.- Adecuación de los calendarios a la legalidad vigente.
2.- Exceso de jornada anual.
3.- Periodo de devengo de vacaciones.
4.- Aplicación del nuevo convenio provincial.
5.- Modificaciones contractuales (aumento de jornada).

Esperando una pronta confirmación de esta reunión, marcando fecha y hora, atte.:

[1]
22/10/09.
O pasado mes de setembro puxémonos en contacto co departamento de RRHH para que acordaran a data dunha nova reunión. Na mesma pretendíamos tratar varios temas que seguen sen solucionar desde a derradeira xuntanza, como poden ser as ampliacións de xornada sen cotizar, a realización do curso de prevención de riscos laborais, os excesos de horas no calendario anual de 2009 e a súa compensación (economicamente ou en descanso), etc.

Outro dos fins que tiña a reunión era facer chegar á empresa todas as propostas novas que as compañeiras foron aportando durante estes meses.

A día de hoxe non recibimos resposta por parte da empresa, que xa nos ten acostumadas a este tipo de conductas pasivas. Seguiremos insistindo en que se leve a cabo a reunión porque consideramos prioritario solucionar todas as cuestións que veñen de atrás e tamén para que todas as ideas que nos chegaron sexan escoitadas.

**Ligazóns:**
[1] http://www.cigservizos.org/node